FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL
"Unha maneira de facer Europa"

UNIÓN EUROPEA

XUNTA DE GALICIA

SAGRESCITE

PARQUE NACIONAL DE LAS ISLAS ATLÁNTICAS GALICIA

Manual de Usuario

PARQUE NACIONAL MARÍTIMO TERRESTRE
DAS ILLAS ATLÁNTICAS
DE GALICIA

INXENIO

eNeBaDa
traballo para o entorno

Sumario

1. Consulta na base de datos SagresCiTe.....3
   1.1. Consulta de Traballos Científico-Técnicos.....3
   1.2. Consulta de Proxectos.....21
   1.3. Consulta de Equipos.....23

Manual de Usuario da base de datos SagresCiTe

1. Consulta na base de datos SagresCiTe


A base de datos SagresCiTe contén tres bloques de información que se poden consultar de xeito individual:

- Traballos. Nesta base de datos atópase o contido principal de SagresCiTe. Nela pódese consulta-la información referente a traballos científico-técnicos que se teñen elaborado no ámbito territorial do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia (PNMTIAG). Entre estes cóntanse tanto as publicacións científicas publicadas, como libros, capítulos de libro ou informes inéditos que relatan e expoñen traballos científicos e técnicos levados a cabo no PNMTIAG. Estes traballos adoitan se-lo resultado de proxectos científicos, traballos técnicos de seguimento e diagnóstico levados a cabo por profesionais, traballos de divulgación dos valores do PNMTIAG e traballos realizados por aficionados e voluntarios.
- Proxectos. Base de datos de apoio de SagresCiTe, na que se presentan os proxectos oficialmente constituídos como tales para o desenvolvemento de traballos científicos, técnicos ou de divulgación no PNMTIAG. O obxectivo desta base de datos é facilita-lo deseño de proxectos científico-técnicos no PNMTIAG, evitando redundancias e fomentando unha maior complementariedade dos mesmos.
- Equipos. Base de datos de apoio de SagresCiTe, na que se presentan os equipos que están a traballar dun xeito máis ou menos establecido no PNMTIAG. O obxectivo desta base de datos é facilita-lo contacto e colaboración entre equipos e, en especial, entre aqueles grupos e equipos que estean interesados en desenvolver proxectos no PNMTIAG e aqueles que estean a traballar na actualidade.


1.1. Consulta de Traballos Científico-Técnicos


Dende a páxina de inicio de SagresCiTe, pódese acceder de dúas maneiras á consulta de traballos científico-técnicos:

1.- Pinchando en Traballos, no menú superior dereito da páxina



2.- Baixando na páxina (ben a través do scroll do rato ou pinchando na dobre frecha na parte inferior da pantalla, e pinchando no botón TRABALLOS.






Na páxina de busca de traballos aparecen unha serie de casas que nos permiten poñer filtros para determina-la busca a facer. Se non poñemos ningún filtro, veremo-la lista completa dos traballos baixo a área de busca, que poderemos ver ó facermos *scroll* na páxina.

Os distintos filtros ou condicións de busca que se poden usar son os seguintes:


1. Filtro de texto. Busca dunha palabra ou conxunto de palabras introducidas polo usuario no títulos, nas etiquetas (ou *tags*) ou nos resumos.
2. Filtro de autores. Busca dos traballos dun autor.
3. Filtro de anos. Busca dos traballos publicados ou realizados nun intervalo concreto de anos.
4. Filtro de Illas. Busca de traballos realizados en Illas concretas
5. Filtro de medios. Busca traballos realizados no medio terrestre ou mariño.
6. Filtro de tipos de traballos. Permite limita-la busca a un tipo de traballo concreto. Os tipos de traballos considerados son:
    - Censos, inventarios ou seguimentos.
    - Revisións
    - Investigacións Orixinais
    - Outros
7. Filtro de tipos de documentos. Permite limita-la busca a un tipo de documento concreto. Os tipos de documentos considerados son:
    - Actas de congreso
    - Artigos científicos
    - Capítulos de libro
    - Libros
    - Informes técnicos inéditos
    - Teses
    - Outros
8. Filtro taxonómico. Permite filtrar por un ou máis taxons.
9. Filtro de hábitats. Permite filtrar polo hábitat en que se levou a cabo o traballo, ou sobre o

que trata o traballo.





Filtro de texto

O filtro combina unha casa para entrada directa de texto (á esquerda) e unha lista despregable. Na casa deberase introduci-la palabra ou palabras a buscar, mentres que a lista despregable permite especificar se o texto introducido se buscará nos títulos dos traballos, nas súas etiquetas ou palabras chave (ou *tags*), nos seus resumos ou nos nomes a apelidos dos autores.



No caso de buscar palabras dos nomes de autor, podemos buscar tanto por palabras do nome como dos apelidos. Se por exemplo, buscamos Asier, buscamos Rodríguez ou buscamos Larrinaga obteremos (entre outros, no seu caso) os traballos realizados por Asier Rodríguez Larrinaga.









Filtro de autores

O filtro de autores consiste nunha casa onde se desprega unha lista de tódolos autores existentes na base datos. Podemos selecciona-lo autor que nos interesa de dúas formas:

1.- Despregámo-la lista e baixamos por ela ata atopa-lo autor desexado. É un método lento, debido ó alto número de autores na lista.




2.- Pinchamos enriba da casa e comezamos a escribir. Segundo escribimos a lista irá mostrando os autores que coinciden co criterio de busca. Cando atopemos o que queremos podemos seleccionalo sen necesidade de acabar de escribir.




Este comportamento repítese tamén en tódalas casas dos filtros desta páxina de consulta.

Filtro de anos


Este filtro consta de dúas casas, unha para indica-la data de inicio do período (á esquerda) de interese e outra (á dereita) para indica-la data de fin de interese. As datas seleccionadas por defecto ó abri-la páxina de consulta indican os anos da referencia máis vella e da máis nova. As casas presentan o comportamento exposto no punto 2 do apartado Filtro de autores.






Filtro de Illas

Consiste nunha soa casa, que contén unha lista despregable de tódalas illas do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia, co comportamento descrito no punto 2 do apartado Filtro de autores. Pódese seleccionar unha illa concreta, todo un arquipélago ou tódalas illas do PNMTIAG.



Filtro de medios



Consta dunha soa casa de lista despregable que ofrece catro opcións:


- Calquera medio. Non se aplicará filtro, presentándose tódolos traballos.
- Tódolos medios. Selecciónanse os traballos que se refiran ó medio terrestre e mariño.
- Medio terrestre. Só se busca en traballos realizados no medio terrestre.

Medio mariño. Só se busca en traballos realizados no medio terrestre.

Filtro de tipos de traballos

Consta dunha soa casa de lista despregable que ofrece catro opcións:

- Censo, inventario ou seguimento. Refírense a traballos técnicos ou científicos, onde o obxectivo final é conseguir unha estima de abundancia ou distribución das especies, saber qué especies dalgún grupo taxonómico están presentes ou coñece-la evolución temporal destes aspectos, ou outros análogos.
- Revisión. Trátase aquí de traballos científicos ou técnicos de revisión de datos bibliográficos y recompilación de datos obtidos en terceiros traballos.
- Investigación orixinal. Traballos científicos, xeralmente desenvolvidos por equipos de organismos públicos de investigación, pero ás veces tamén por asociacións sen ánimo de lucro ou ONGs, particulares aficionados e voluntarios ou mesmo empresas privadas.
- Outros. Outros tipos de traballo que non estean contemplados nas anteriores categorías.




Filtro de tipos de documentos

Consta dunha soa casa de lista despregable que ofrece catro opcións:

- Acta de Congresos

- Artigo Científico
- Capítulo de Libro
- Informe inédito
- Libro
- Tese
- Outros




Filtro taxonómico

O filtro é o máis complicado de todos, xa que inclúe tres elementos:


- Unha casa para introducir texto de busca. Acepta nomes de calquera nivel taxonómico incluído na árbore taxonómica.
- Unha lista despregable con dous valores posibles: Tódalas palabras ou Calquera palabra. Esta lista só ten efecto cando introducimos máis dunha palabra na casa de texto de busca.
- Unha árbore taxonómica onde podemos navegar e busca-la especie ou especies que queiramos buscar nas referencias de SagresCiTe.



Para buscar un taxon utilizando a casa de texto debemos escribir parte do seu nome e listaranse debaixo os nomes dos taxons que conteñen o texto.




Unha vez localizado o taxon ou taxons que queremos buscar temos que clicar na súa/súas casa/s.




Podemos buscar entón outro taxon que queiramos engadir, xa que os xa seleccionados non se borrarán.





Se escribimos máis dunha palabra o filtro buscara a “frase” exacta, é dicir, buscará aqueles taxons que teñan esas palabras nesa orde. Por exemplo, se buscamos “lepidus Timon” o filtro non atopará nada por defecto, mentres que se buscamos “Timon lepidus” si atopará a especie *Timon lepidus*.







Pero tamén podemos pedirlle que nos busque os taxons que conteñan calquera das palabras. Así, buscando Timon Podarcis amosaráno-los taxons deses dous xéneros. Para iso, debemos seleccionar Calquera palabra na casa de lista xunto da casa de texto, antes de escribirmo-las palabras e premer Entrar.


Traballos - SagresCiTe
https://sagrescite.inxenio.com/traballos/
67%
SAGRESCITE
INICIO TRABALLOS PROXECTOS EQUIPOS CONTACTAR
Inicio / Traballos
Escribe a túa busca
Buscar en título
Todolos autores
1944
2020
Illa
Todalas illas
Medio
Calquera medio
Tipo de Traballo
Todolos traballos
Tipo de Documento
Sen filtro
ESPECIES
HÁBITATS
Filtrar nivel taxonómico
Todalas palabras
Calquera palabra
Filtrar hábitat
AXUDA
Animalia
Chromista
Eubacteria
Fungi
Plantae
Protozoa
Hábitats antrópicos
Hábitats naturais
BUSCAR


Traballos - SagresCiTe
https://sagrescite.inxenio.com/traballos/
67%
SAGRESCITE
INICIO TRABALLOS PROXECTOS EQUIPOS CONTACTAR
Inicio / Traballos
Escribe a túa busca
Buscar en título
Todolos autores
1944
2020
Illa
Todalas illas
Medio
Calquera medio
Tipo de Traballo
Todolos traballos
Tipo de Documento
Sen filtro
ESPECIES
HÁBITATS
Timon Podarcis
Calquera palabra
Filtrar hábitat
AXUDA
Animalia
Chromista
Eubacteria
Fungi
Plantae
Protozoa
Hábitats antrópicos
Hábitats naturais
BUSCAR


Traballos - SagresCiTe
https://sagrescite.inxenio.com/traballos/
67%
SAGRESCITE
INICIO TRABALLOS PROXECTOS EQUIPOS CONTACTAR
ESPECIES
HÁBITATS
Timon Podarcis
Calquera palabra
Filtrar hábitat
AXUDA
Animalia > Chordata > Reptilia > Squamata > Lacertidae > Podarcis
Animalia > Chordata > Reptilia > Squamata > Lacertidae > Podarcis > Podarcis atrata
Animalia > Chordata > Reptilia > Squamata > Lacertidae > Podarcis > Podarcis bocagei
Animalia > Chordata > Reptilia > Squamata > Lacertidae > Podarcis > Podarcis carbonelli
Animalia > Chordata > Reptilia > Squamata > Lacertidae > Podarcis > Podarcis guadarramae
Animalia > Chordata > Reptilia > Squamata > Lacertidae > Podarcis > Podarcis hispanica
Animalia > Chordata > Reptilia > Squamata > Lacertidae > Podarcis > Podarcis liilfordi
Animalia > Chordata > Reptilia > Squamata > Lacertidae > Podarcis > Podarcis liolepis
Animalia > Chordata > Reptilia > Squamata > Lacertidae > Podarcis > Podarcis muralis
Animalia > Chordata > Reptilia > Squamata > Lacertidae > Podarcis > Podarcis pityusensis
Hábitats antrópicos
Hábitats naturais
BUSCAR

Tamén podemos ir navegando pola árbore taxonómica e clicando aquelas especies que queiramos considerar na busca.




Filtro de hábitats

O filtro de hábitats é similar ó filtro taxonómico, pero non dispón da casa de lista despregable. Como consecuencia, se escribimos máis dunha palabra só se buscarán aqueles hábitats que coincidan con tódalas palabras.
Igual que no caso do filtro taxonómico podemos axudarnos desta casa para busca-los hábitats que precisamos.



Ou podemos navegar pola árbore xerárquica de hábitats e marcar aqueles que precisemos.




Combinación de filtros

Se utilizamos máis dun filtro á vez, a busca ofrecerano-las referencias que cumpran tódolos criterios á vez. Así, se seleccionámo-la illa de Ons no filtro de illas e libro no filtro do tipo de documento, o resultado mostrará tódolos libros que traten de Ons, ben sexa parcial ou totalmente.


Lanzar consulta

Unha vez finalizada a configuración dos filtros debemos pinchar no botón Buscar, situado baixo dos filtros, para lanza-la consulta. Os resultados aparecerán listados, inmediatamente baixo deste botón de Buscar.
Imos facer unha consulta dos traballos que existan relativos á illa de Ons:


1.- Accedemos a Traballos.




2.- Buscamos e seleccionamo-la illa de Ons no filtro de illas.




3.- Prememos en Buscar e obtemo-lo listado de traballos resultado da busca.




4.- Para ver cada un dos rexistros podemos pinchar no título ou na etiqueta *Ler máis ->*





5.- Podemos descarga-lo arquivo en pdf do traballo naqueles casos en que está dispoñible, baixo o apartado Arquivos, na columna dereita da ficha da referencia.




Sumario


1.2. Consulta de Proxectos


A posibilidade de consulta-los proxectos que estean activos ou teñan sido realizados no Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia é un recurso accesorio, pensado para facilita-la complementariedade da investigación e do traballo técnico de seguimento no mesmo. Complementa así a posta a disposición de referencias levadas a cabo neste ámbito xeográfico nesta base de datos SagresCiTe.
Póren, sendo como é un recurso accesorio a súa base de datos é moito máis sinxela e como tal, o sistema de busca tamén.

A ficha de cada proxecto limítase a un título, un subtítulo e un texto de descrición do proxecto, onde se conta brevemente o seu obxectivo, métodos, ámbito xeográfico, equipo que o leva a cabo e nalgúns casos, mesmo resultado.
A interfaz de busca, presenta unha única casa de texto e baixo dela o resultado da busca. Tras escribir un texto na devandita casa, teremos que pinchar no botón de Buscar, para ve-los proxectos que conteñen o texto inserido.



Premendo no seu título ou na etiqueta **Ler máis->** accederemos ó texto íntegro do proxecto.







Sumario


1.3. Consulta de Equipos

A posibilidade de consulta-los equipos que estean activos de forma habitual no Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia é un recurso accesorio, pensado para facilita-la complementariedade da investigación e do traballo técnico de seguimento no mesmo, así como a colaboración e intercambio de información entre distintos equipos de traballo e investigación. Complementa así a posta a disposición de referencias levadas a cabo neste ámbito xeográfico nesta base de datos SagresCiTe.
Porén, sendo como é un recurso accesorio a súa base de datos é moito máis sinxela e como tal, o sistema de busca tamén.
A ficha de cada equipo limítase a un título, o nome dun investigador principal e un texto de descrición do equipo, onde se conta brevemente a súa liña de traballo, a súa filiación e os seus compoñentes.
A interfaz de busca, presenta unha única casa de texto e baixo dela o resultado da busca. Tras escribir un texto na devandita casa, teremos que pinchar no botón de Buscar, para ve-los equipos que conteñen o texto inserido.



Premendo no seu título ou na etiqueta **Ler máis->** accederemos ó texto íntegro do equipo.




Modificar sección - Sagres CITe
https://sagrescite.inxenio.com/administracion/seccions/editar/590be40d-aabf-4fa1-bd0c-d69bac2bd721/
Buscar
Subtítulo (Galego)
Subtítulo
Descripción (Castelan)
Fuente HTML
Estilo
Normal
Fuente
Tamaño
Información general
Las presentes disposiciones regulan el uso del servicio del portal de internet (en adelante, el "Portal") que la Xunta de Galicia pone a disposición de los usuarios de internet.
La Xunta de Galicia es la titular del dominio de segundo nivel "xunta.gal" y de los distintos elementos en él incluidos.
El contenido facilitado a través de este Portal se emite con efectos simplemente informativos y no sustituye la publicidad de las disposiciones y actos que tengan que ser publicados formalmente en boletines oficiales. Aunque se efectuarán los esfuerzos precisos para que la información contenida sea exacta y actualizada, la Xunta de Galicia no garantiza la inexistencia de errores en el contenido de este Portal, ni que se encuentre totalmente actualizado.
Este sitio web contiene la edición electrónica del Diario Oficial de Galicia, que desde el 2 de mayo de 2011 tiene carácter oficial y auténtico, según lo indicado en el artículo 12 del Decreto 198/2010, de 2 de diciembre, por el que se regula el
body p
Descripción (Galego)
Fuente HTML
Estilo
Formato
Fuente
Tamaño
Información xeral
As presentes disposicións regulan o uso do servizo do portal de internet (en diante, o "Portal") que a Xunta de Galicia pon a disposición dos usuarios de internet.
A Xunta de Galicia é a titular do dominio de segundo nivel "xunta.gal" e dos distintos elementos nel incluídos.
O contido facilitado a través deste Portal emítese con efectos simplemente informativos e non substitúe a publicidade das disposicións e actos que teñan que ser publicados formalmente en boletíns oficiais. Ainda que se efectuarán os esforzos precisos para que a información contida sexa exacta e actualizada, a Xunta de Galicia non garante a inexistencia de erros no contido deste Portal, nin que se atope totalmente actualizado.
Este sitio web contén a edición electrónica do Diario Oficial de Galicia, que desde o 2 de maio do 2011 ten carácter oficial e auténtico, segundo o indicado no artigo 12 do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento
Gardar
Gardar e Permanecer
Reiniciar
IAdmin Powered By iOrange Framework
Quen Somos
Licenza

Sumario